

BANDO MUNICIPAL DE INFORMACIÓN SOBRE AS MEDIDAS TOMADAS ANTE O COVID-19

A alcaldesa do Concello de Betanzos, María Barral Varela

FAI SABER

Como consecuencia da situación epidemiolóxica actual comunicamos que o Concello de Betanzos aprobou as seguintes medidas con motivo do Covid-19:

-Suspender dende hoxe ata novo aviso todas as actividades municipais e aquelas que se celebren en instalacións municipais

-Suspender as Feiras que se celebran os días 1 e 16 de cada mes, así como os mercados municipais que teñen lugar os martes, xoves e sábados.

-Pechar ao público, ata novo aviso, o centro social de maiores, situado na praza García Irmáns; e o edificio Liceo na zona de exposicións, salón Azul e aula de Cultura.

-Pechar o complexo cultural Santo Domingo, no que se atopa a Biblioteca Municipal; o Museo das Mariñas; a Oficina de Xuventude e a aula CeMIT.

-Na área deportiva, o Concello pechará todas as instalacións municipais como o pavillón deportivo, a piscina municipal, e os campos de fútbol do Carregal.

-Seguindo as directrices da Xunta en materia educativa, o Concello tamén suprimirá as actividades da escola municipal de folclore.

-O Conservatorio Municipal e a escola infantil Santiago de la Fuente, situados ambos no centro histórico, permanecerán pechados desde o vindeiro luns, deixando hoxe, xoves, e mañá, venres, 13, a decisión de acudir ou non ás familias de alumnos/as.

-Desde o Concello recoméndase tamén aos veciños/as asistir ás oficinas municipais só en caso de tramitacións urxentes e que non se poidan atrasar; ademais de pedir utilizar os medios telemáticos para realizar as tramitacións oportunas.

-Incídese na necesidade de evitar aglomeracións e seguir as instrucións oportunas decretadas polos organismos competentes e actuar con responsabilidade e facer caso ás medidas de prevención recomendadas.

Betanzos, 12 de marzo 2020